
Regulamento da EET para a realización de prácticas académicas externas nas titulacións que dan acceso a profesións reguladas

Aprobada na Xunta de Escola da EET o 3 de maio de 2023

I OBXECTO

A Universidade de Vigo, ao amparo de dos cambios normativos e en resposta ao incremento da demanda de realizar prácticas externas por parte do estudiantado matriculado, aproba na sesión de Consello de Goberno do 29 de abril de 2021 o Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, o cal derroga o anterior, aprobado en Consello de Goberno do 24 de maio de 2012.

O artigo 13.2 do citado regulamento da Universidade de Vigo dispón que cada Xunta de Centro regulará as prácticas académicas externas curriculares do estudiantado das titulacións que lle competan; e, para iso, aprobará o regulamento ou regulamentos internos que precise.

De acordo co recollido no artigo 18 do citado regulamento da Universidade de Vigo, nestes regulamentos específicos para cada centro deberá definirse:

1. As responsabilidades de aprobar os contidos do proxecto formativo en que se concreta a realización de cada práctica académica externa, incluídos os obxectivos educativos.
2. O procedemento de oferta e difusión das prácticas académicas externas entre o estudiantado ao que sexan destinadas.
3. O procedemento de elección e adxudicación de prácticas.
4. O procedemento de adxudicación de persoa titora académica de prácticas académicas externas para cada estudante.
5. O proceso para realizar e entregar os informes e memoria.
6. O proceso para avaliar e cualificar as prácticas académicas externas, de acordo co recollido no artigo 18 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo.
7. Por tratárense de prácticas optativas, o número máximo de prácticas anuais.

Na mesma liña, e para as prácticas extracurriculares, o artigo 14 do citado Regulamento da Universidade de Vigo fala da execución dos mesmos procedementos e procesos, pero neste caso a Universidade de Vigo ten encomendada a tarefa de tramitar, xestionar e difundir as prácticas extracurriculares á Fundación Universidade de Vigo. As consideracións específicas das prácticas extracurriculares relativas aos epígrafes 2, 3 e 5, descríbense en apartados específicos (IX, X e XI) deste regulamento da EET.

Por último, tamén se inclúe neste regulamento os requisitos e condicións de recoñecemento das prácticas extracurriculares en prácticas curriculares (apartado XII).

O presente documento, por tanto, ten por obxecto establecer os procedementos e procesos referidos na listaxe anterior para as titulacións que dan acceso a profesións reguladas impartidas na Escola de Enxeñaría de Telecomunicación (EET):

- Grao en Enxeñaría de Tecnoloxías de Telecomunicación (GETT)
- Máster en Enxeñaría de Telecomunicación (MET)

Como tal, debe considerarse un complemento adicional ás normativas básicas que recollen o marco legal para o establecemento de convenios de cooperación educativa entre entidades colaboradoras e universidade, as definicións das distintas entidades intervintes nas actividades, a xustificación da finalidade social das prácticas académicas externas, a definición e/ou artellamento de moitos dos procesos e procedementos de xestión involucrados, os dereitos e obrigas de titores e estudantes, as obrigas de entidades colaboradoras e universidade, etc.

Este procedemento aplicarase a todo o estudantado matriculado nas titulacións referidas (GETT e MET) que oferten prácticas académicas externas na EET, incluídos os estudantes dos programas de intercambio, e a todo o profesorado implicado na súa titorización ou na súa avaliación.

II OBXECTIVO, TIPOS DE PRÁCTICAS E MARCO XERAL

As prácticas académicas externas suxeitas a esta normativa realizaranse baixo o paraugas de Convenios de Cooperación Educativa e poderán ser curriculares ou extracurriculares. O seu obxectivo é preparar profesionalmente ao estudantado universitario nas áreas operativas propias do tecido empresarial, para conseguir profesionais cunha visión máis próxima aos problemas que poidan xurdir e facilitar a súa incorporación ao ámbito laboral.

1. Prácticas curriculares

O **GETT** define especializacións (ou mencións) nos dous últimos cursos académicos. Tamén establece as materias curriculares de “Prácticas externas: Prácticas en empresas”, nas que os/as estudantes deberán desenvolver funcións propias da Enxeñaría Técnica de Telecomunicación relacionadas co seu perfil profesional (mención). Polo tanto, calquera estudante que desexe realizar prácticas curriculares, deberá ter superado unha parte relevante dos estudos propios da súa mención. Neste contexto, establécese o seguinte:

- 1.1. Calquera estudante do GETT que desexe realizar prácticas curriculares deberá ter superados 24 ECTS de materias obrigatorias da súa mención e cumprir os requisitos indicados no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudantado da Universidade de Vigo.

- 1.2. As prácticas curriculares están definidas no plan de estudos do GETT en dúas materias, cada unha delas de 6 ECTS, polo que o traballo desenvolvido no marco das prácticas curriculares será validado nestes dous bloques. O número de horas presenciais na entidade colaboradora e de traballo autónomo do/a estudante esixido en cada materia aparece reflectido na correspondente guía docente. Se o/a estudante desenvolve un mínimo de 264 horas presenciais de prácticas académicas externas na mesma entidade, entón poderá validar os dous bloques.

O **MET** tamén ofrece as materias curriculares de “Prácticas en empresas” para que calquera estudante poda gozar dunha estancia nunha empresa desenvolvendo funcións propias da Enxeñaría de Telecomunicación relacionadas co perfil profesional cursado. Neste caso, establécese que

- 1.3. Calquera estudante do MET que desexe realizar prácticas curriculares deberá cumprir os requisitos indicados no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo..
- 1.4. As prácticas curriculares están definidas no plan de estudos do MET en tres materias, cada unha delas de 5 ECTS, polo que o traballo desenvolvido no marco das prácticas curriculares será validado nestes tres bloques. O número de horas presenciais na entidade colaboradora e de traballo autónomo do/a estudante esixido en cada materia aparece reflectido na correspondente guía docente.

2. Prácticas extracurriculares

Calquera estudante que desexe realizar prácticas académicas externas deberá cumprir os requisitos indicados no artigo 8 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo. Seguindo o artigo 6.3 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, para as prácticas extracurriculares empregárase un factor de conversión de 1 ECTS por cada 25 horas, incluído o traballo autónomo do/a estudante. Ademais, de acordo ao artigo 6.2 do mesmo Regulamento, as prácticas extracurriculares terán unha duración mínima de 6 ECTS (isto é, 150 horas).

No apartado XI desta normativa se indican as condicións e procedemento para poder recoñecer as prácticas extracurriculares como curriculares.

3. Realización do TFG ou TFM nunha entidade colaboradora

Tal como indica o punto 2 do artigo 2 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, as estadias en entidades colaboradoras para a realización de Traballos Fin de Grao e Traballos Fin de Mestrado quedan excluídas do

ámbito de dito Regulamento. De igual forma, non se consideran na presente normativa, quedando supeditadas á normativa da Universidade de Vigo, ás normativas da EET de TFG e TFM e aos Convenios de Cooperación que regulen estas estadias. En todo caso, explicitar que as horas presenciais do/a estudante nas entidades colaboradoras contempladas nos Convenios de Cooperación para a realización do TFG ou TFM non poderán ser contabilizadas como prácticas académicas externas (tanto curriculares como extracurriculares).

III PROCEDEMENTO DE OFERTA E DIFUSIÓN DAS PRÁCTICAS CURRICULARES

1. Oferta de prácticas

Durante o segundo cuadrimestre de cada curso académico, a persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET recollerá a información necesaria para elaborar un listado de oferta de prácticas para o seguinte curso académico.

1.1 A Dirección da EET, a persoa que coordina os traballos de fin de titulación no centro, a persoa que coordina as prácticas académicas externas do centro, así como estudantes e docentes poderán propoñer e contactar con entidades que poidan ser de interese para desenvolver as prácticas académicas externas.

1.2 Segundo o indicado no artigo 11 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, as entidades colaboradoras que acollan a estudantes en prácticas deberán garantir as condicións formativas e asinarán un convenio de cooperación educativa coa Universidade de Vigo. Cando non haxa un convenio previamente establecido, deberá asinarse e será responsabilidade da persoa que coordina as prácticas académicas externas facer as xestións necesarias. Ademais, as entidades colaboradoras deberán asinar o documento tipo facilitado no [Anexo II](#) do Regulamento da UVigo.

1.3 Cada oferta de prácticas deberá recoller, como mínimo os seguintes datos: nome ou razón social da entidade colaboradora; titulación para a que se oferta a/s praza/s; número de estudantes que se poden acoller; tipoloxía/especialidade das persoas candidatas; lugar de traballo; funcións a desenvolver (proxecto formativo); persoas que titoricen o traballo na entidade colaboradora; persoa de contacto e correo electrónico; a existencia, se procede, dunha bolsa ou axuda de estudos para o estudiantado e a forma da súa satisfacción; datas de comezo e fin das prácticas, así como a súa duración en horas; modalidade das prácticas (presencial, en liña ou semipresencial); número de horas diarias de dedicación ou xornada e horario asignado.

1.4 É especialmente relevante que se indique con claridade os obxectivos educativos e actividades a desenvolver nas prácticas, dado que definen o proxecto formativo. Os obxectivos estableceranse considerando as competencias básicas, xenéricas e/ou específicas que debe adquirir o/a estudante. Os contidos da práctica defínense de forma que aseguren a relación directa das competencias a adquirir cos estudos cursados. As actividades deberán vencellarse ás competencias da titulación segundo a súa memoria. O proxecto formativo deberá ser incluído tamén nas Condicións da Práctica Académica Externa, que se deben formalizar empregando o documento tipo incluído no [Anexo I](#) do Regulamento da UVigo.

2. Difusión da oferta

Durante o segundo cuatrimestre, a persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET publicará o listado coa oferta de prácticas a través da páxina web do centro e máis a través dos cursos de coordinación na plataforma de tele-ensino da UVigo creados para xestionar esta actividade docente para as diferentes titulacións do centro.

IV PROCEDEMENTO DE ADXUDICACIÓN DE PERSOA TITORA ACADÉMICA DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS PARA CADA ESTUDANTE.

A persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET, tendo en conta o perfil do/a estudante (titulación) a temática das prácticas (proxecto formativo) e máis o perfil da entidade colaboradora, contactará co/a docente máis axeitado para desenvolver o papel de persoa titora académica.

V PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRÁCTICAS CURRICULARES

1. Elección de prácticas por parte dos/as estudantes

1.1 Os/as estudantes que teñan interese nunha oferta de prácticas, enviarán o seu currículo á persoa de contacto (vía email) indicada na oferta. Cada estudante pode enviar tantas solicitudes como desexe dentro do listado publicado.

2. Adxudicación de prácticas

Segundo o establecido no artigo 13.2.c do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo, *sempre que nas entidades colaboradoras estean aseguradas tanto as medidas de accesibilidade universal coma as referidas ao transporte para o traslado do estudiantado, neste procedemento outorgaráselle prioridade ao estudiantado con discapacidade*. Por outra banda, o artigo 15.3 do mesmo Regulamento determina que *no caso de ofertarse prácticas co dobre carácter curricular e extracurricular, o estudiantado que realice prácticas curriculares terá preferencia para a súa adxudicación*. Tendo en conta ámbolos dous aspectos, a adxudicación de prácticas basearase no seguinte procedemento:

2.1 A entidade colaboradora fará o seu proceso selectivo que será comunicado á persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET.

2.2 Cada estudante seleccionado deberá facilitar á persoa que coordine as prácticas académicas externas na EET o seu compromiso documental, utilizando o documento facilitado no [Anexo III](#) do Regulamento da UVigo.

2.3 O/A estudante, a entidade colaboradora, a persoa titora da entidade e a persoa titora académica deberán asinar un documento no que se especifiquen as condicións da práctica académica externa, prestando especial atención ao proxecto formativo (coas características indicadas no punto III.1.4). A tal efecto, considerarase o documento tipo incluído no [Anexo I](#) do Regulamento da UVigo.

2.4 A persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET preparará o listado de adxudicacións (estudiante-oferta).

2.5 Os correspondentes proxectos formativos deberán ser aprobados antes de que o/a estudante comece as prácticas na entidade colaboradora. Para axilizar este proceso poderán ser validados provisionalmente pola persoa titora académica, se ben en todo caso deberán ser aprobados na Comisión Académica da titulación antes do final do cuadrimestre no que se encadre a materia asociada.

2.6 A Comisión Académica da titulación tamén se ocupará de analizar os casos onde houbese calquera dificultade ou problema.

3. Formalización da matrícula en prácticas curriculares

As prácticas curriculares son optativas no GETT en no MET e é a Comisión Académica correspondente a que aproba o número de prazas a ofertar para cada curso académico. O listado mencionado no punto V.2.4 será remitido pola persoa que coordina as prácticas académicas externas da EET á Secretaría do centro que comprobará a situación académica de cada estudante, determinando se pode formalizar a súa matrícula nas materias *Prácticas externas: Prácticas en empresas I* e/ou *Prácticas externas: Prácticas en empresas II* do

GETT, ou nas materias *Prácticas en Empresas I*, *Prácticas en Empresas II* e/ou *Prácticas en Empresas III* do MET para o seguinte curso académico.

Para realizar as súas práctica curriculares o/a estudante debe estar matriculado/a na(s) materia(s) vinculadas no plan de estudos do GETT (isto é *Prácticas externas: Prácticas en empresas I* e/ou *Prácticas externas: Prácticas en empresas II*) ou do MET (isto é *Prácticas en Empresas I*, *Prácticas en Empresas II* e/ou *Prácticas en Empresas III*). A matrícula debe formalizarse no período regular que estableza a Universidade de Vigo.

VI PROCESO PARA REALIZAR E ENTREGAR OS INFORMES E A MEMORIA FINAL DAS PRÁCTICAS CURRICULARES

1. Memoria de prácticas académicas externas do/a estudante

Ao finalizar o período de prácticas académicas externas, cada estudante deberá entregar unha memoria (en galego, castelán ou inglés) detallando:

- Datos persoais do/a estudante.
- Entidade colaboradora onde realizou as prácticas e localización.
- Titulación da EET que cursa.
- As actividades realizadas durante as prácticas, duración, unidades/departamentos onde se desenvolveron, a formación recibida (cursos, etc.) o nivel de integración na entidade e as relacións co persoal.
- Un apartado específico onde se inclúa unha reflexión persoal sobre a adecuación das ensinanzas recibidas durante a carreira para o desempeño da práctica (aspectos positivos e negativos máis significativos relacionados co desenvolvemento das prácticas). Valorarase, ademais, a inclusión de información sobre a experiencia profesional e persoal obtida coas prácticas (valoración persoal do aprendizaxe conseguido no tempo das prácticas, e suxestións ou aportacións propias sobre a estrutura e funcionamento da entidade colaboradora visitada).
- Relación dos problemas plantexados e o procedemento seguido para a súa resolución.
- Identificación de aportacións que, en materia de aprendizaxe, supuxeron as prácticas.
- Avaliación das prácticas e suxestións de mellora.

A memoria das prácticas académicas externas deberá ser supervisada pola persoa titora na entidade colaboradora e máis pola persoa titora académica. Ademais, o/a estudante cubrirá o documento tipo incluído no [Anexo VI](#) do Regulamento da UVigo. Tanto a memoria

como o [Anexo VI](#) cuberto serán enviados polo/a estudante mediante correo electrónico á persoa que coordina as prácticas académicas externas da EET e á persoa titora académica.

2. Informes de avaliación

Ao finalizar o período de prácticas académicas externas, se facilitará á persoa que coordina as prácticas académicas externas a seguinte documentación:

- Informe da persoa titora na entidade colaboradora, que valorará, polo menos, os aspectos listados no artigo 13 do RD 592/2014. Empregarase o documento tipo que se inclúe no [Anexo IV](#) do Regulamento da UVigo. Este informe será facilitado á persoa titora académica do/a estudante.
- Informe da persoa titora académica cunha proposta de cualificación que se sustente na memoria das prácticas, o informe da persoa titora na entidade colaboradora e máis a adecuación á titulación das tarefas desenvolvidas. Empregarase o documento tipo que se inclúe no [Anexo V](#) do Regulamento da UVigo.

VII PROCESO PARA AVALIAR E CUALIFICAR AS PRÁCTICAS EXTERNAS

A cualificación das prácticas académicas externas será outorgada pola persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET tendo en conta:

- Memoria das prácticas (calidade científico-técnica e adecuación aos obxectivos da titulación) mencionada no apartado VI.1.
- Informes recibidos segundo o apartado VI.2
- Poderá consultar ás persoas titoras para graduar a cualificación do estudantado da materia en cada curso académico.
- O sistema de cualificacións expresarase mediante cualificación final numérica de 0 a 10 segundo a lexislación vixente (Real Decreto 1125/2003 de 5 de setembro; BOE 18 de setembro).
- No caso das prácticas curriculares, as matrículas de honra serán outorgadas pola Comisión Académica da titulación a petición da persoa que coordina as prácticas académicas externas tras a proposta xustificada da persoa que exerce como titora académica.

VIII DETERMINACIÓN DO NÚMERO MÁXIMO DE PRÁCTICAS ANUAIS

Tal como se especificou no apartado V.3 deste regulamento, as prácticas curriculares son optativas no GETT e no MET e é a Comisión Académica correspondente a que aproba o número de prazas a ofertar para cada curso académico.

IX PROCEDEMENTO DE OFERTA E DIFUSIÓN DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

1. Oferta de prácticas

Considerarase o listado de oferta de prácticas elaborado pola persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET mencionado no apartado III.1. Tal como se comenta nese apartado, o listado prepárase no segundo cuadrimestre; de forma específica para as prácticas extracurriculares, este listado terá validez ata que se publique a versión do ano seguinte, se ben poderá ser actualizado de forma continua segundo se reciban novas ofertas.

Son tamén aplicables ás prácticas extracurriculares os apartados III.1.1 a III.1.4.

2. Difusión da oferta

Usaranse os mesmos medios indicados no apartado III.2.

X PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN E ADXUDICACIÓN DE PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

1. Elección de prácticas por parte dos/as estudantes

Os/as estudantes que teñan interese nunha oferta de prácticas, enviarán o seu currículo á persoa de contacto (vía email) indicada na oferta. Cada estudante pode enviar tantas solicitudes como desexe dentro do listado publicado.

2. Adxudicación de prácticas

Tendo en conta os artigos 13.2.c e 15.3 do Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Estudiantado da Universidade de Vigo a adxudicación de prácticas basearase no seguinte procedemento:

2.1 A entidade colaboradora fará o seu proceso selectivo, que será comunicado á Unidade correspondente da Universidade de Vigo ou da entidade encargada de xestionar as prácticas extracurriculares.

2.2 Cada estudante seleccionado deberá facilitar á Unidade correspondente da Universidade de Vigo ou da entidade encargada de xestionar as prácticas extracurriculares o seu compromiso documental, utilizando o documento facilitado no [Anexo III](#) do Regulamento da UVigo.

2.3 O/A estudante, a entidade colaboradora, a persoa titora da entidade e a persoa titora académica deberán asinar un documento no que se especifiquen as condicións da práctica académica externa, prestando especial atención ao proxecto formativo (coas características indicadas no punto III.1.4). A tal efecto, considerarase o documento tipo incluído no [Anexo I](#) do Regulamento da UVigo.

XI PROCESO PARA REALIZAR E ENTREGAR OS INFORMES E A MEMORIA FINAL DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

No caso das prácticas extracurriculares seguirase o proceso descrito no punto VI deste regulamento, se ben os informes alí mencionados deberán ser entregados á Unidade correspondente da Universidade de Vigo ou da entidade encargada de xestionar as prácticas extracurriculares.

XII REQUISITOS E CONDICIÓNS DE RECOÑECIMENTO DAS PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES EN PRÁCTICAS CURRICULARES

Trala finalización e avaliación positiva das prácticas extracurriculares, o/a estudante matriculado/a nas materias de prácticas poderá solicitar á Comisión Académica da titulación correspondente o recoñecemento das prácticas extracurriculares en prácticas curriculares. A tal efecto, deberá empregar o documento tipo incluído no Anexo XX desta normativa e enviarlo á persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET.

1. Requisitos para o recoñecemento

1.1 Ao inicio da realización das prácticas extracurriculares o/a estudante deberá cumprir os requisitos do punto II.1.1 deste regulamento no caso de ser estudante do GETT, ou os requisitos do punto II.1.3 no caso de ser estudante do MET.

1.2 Unha vez presentada a solicitude de recoñecemento polo/a estudante, o proxecto formativo no que se basearon as prácticas extracurriculares deberá ser aprobado pola Comisión Académica da titulación correspondente.

2. Condicións do recoñecemento

O número de horas presenciais na entidade colaboradora recoñecido nas prácticas extracurriculares deberá ser maior ou igual ao número total de horas presenciais reflectido nas guías docentes do conxunto de materias curriculares a recoñecer. Excepcionalmente, aos/ás estudantes do GETT que contén con 264 ou máis horas presenciais nunha mesma entidade colaboradora poderáselles recoñecer as materias *Prácticas externas: Prácticas en empresas I* e *Prácticas externas: Prácticas en empresas II*.

No caso de que o/a estudante desenvolvese na entidade colaboradora concorrentemente as prácticas extracurriculares e o TFG ou TMF, cando se valore o recoñecemento das prácticas curriculares deberá terse en conta o indicado no artigo II.3 deste regulamento.

III ANEXOS

O Regulamento de Prácticas Académicas Externas do Alumnado da Universidade de Vigo e as Resolucións reitorais subseguintes que establecen os procedementos para o desenvolvemento desta actividade, incorporan xa uns textos/modelos/formularios xenéricos para todos os trámites administrativos que haxa que acometer nas diferentes etapas do proceso (convenio de cooperación educativa “tipo”, ficha da entidade colaboradora e demais documentos para a formalización, seguimento e acreditación das prácticas: convocatoria de bolsas de prácticas, formalización da práctica académica externa, informe do titor/a da entidade colaboradora, informe do estudante, informe do titor/a académico/a e certificado acreditativo da realización de prácticas académicas externas). Polo tanto, o anexo incluído a continuación só contén a solicitude de recoñecemento das prácticas extracurriculares como curriculares.

ANEXO I:
ANEXO II:

Formulario de solicitude de recoñecemento de prácticas extracurriculares como prácticas curriculares

ESTUDANTE

Nome e apelidos:

NIF:

Enderezo electrónico:

Teléfono:

Titulación:

solicita o recoñecemento como prácticas curriculares das

PRÁCTICAS EXTRACURRICULARES

Nome da entidade colaboradora:

Datas das prácticas:

Número de horas presenciais na entidade colaboradora:

Lugar e data:

Nome, apelidos e sinatura

INSTRUCCIÓNS:

Este documento debe ser entregado, debidamente asinado, á persoa que coordina as prácticas académicas externas na EET, conxuntamente co certificado de teren completado as prácticas extracurriculares que se solicita recoñecer.